

**“Jurisprudencia constitucional sobre cajas de ahorros”,
Perspectivas del Sistema Financiero, núm. 71 (monográfico)**

VV.AA.
Madrid: FUNCAS. 2001
[570 páxinas]

Recibido: 22 de outubro de 2001

Aceptado: 25 de novembro de 2002

Seguindo unha feliz iniciativa que comezou nos anos oitenta, a Fundación das Caixas de Aforros Confederadas levou a cabo unha recompilación da xurisprudencia constitucional que lles afecta a aquelas entidades. Xa nos anos 1985, 1987 e 1990 editara a obra *Ordenación financiera de las Comunidades Autónomas: Cajas de Ahorros*, pero agora a publicación céntrase no xa elevado número de sentencias que foi emitindo o alto tribunal de forma específica sobre estas institucións. Como escribe Rodrigo Rato na presentación, o contido da obra “*se considera de todo punto trascendente en tanto su doctrina ha de influir de forma decisiva en el camino a seguir por la normativa financiera tanto del Estado como de las Comunidades Autónomas en relación a las Cajas de Ahorros*”.

Información transcendente, xa que logo, e que ten a vantaxe engadida de ofrecer a través dos seus índices unha conexión das sentencias en función dos asuntos e dos conceptos, adoptando así unha presentación extraordinariamente sistemática.

O lector pode, polo tanto, acceder de maneira cómoda e útil ás disposicións en conflito perante o Tribunal Constitucional –recursos de inconstitucionalidade– e ós seguintes índices: cronolóxico xeral de sentencias, de conflitos positivos de competencia, de recursos de amparo, de cuestións de inconstitucionalidade, de disposicións controvertidas –tanto do Estado como das comunidades autónomas–, así como ós alfabéticos e sistemáticos de materias. Cada sentenza, á súa vez, vai acompañada dun comentario sintético moi ilustrativo.

A magnitude do esforzo compilador, comparable por certo ó abundante número de resolucións do Tribunal Constitucional na materia que nos ocupa, correspóndese co complexo panorama que describe a proliza lexislación que regula as caixas de aforros. Partindo duns amplos preceptos constitucionais –artigos 149.1.11^a e 148.1.13^a– os diferentes estatutos de autonomía afánanse en regula-la materia. E así, desde as primeiras normas dos decretos cataláns 145/1980 e 303/1980 e do vasco 45/1981 ata todo o desenvolvemento posterior, coa aparición das primeiras leis autonómicas sobre caixas –15/1985 e 7/1985, de Cataluña e de Galicia, respectivamente– e as máis recentes, todo un conglomerado de disposicións que habería desembocar necesariamente nunha delimitación constitucional de competencias e nun amplo conxunto de recursos e litixios. A isto habería contribuí-lo feito de que o Estado procedese a modifica-la lexislación básica aplicable ás caixas de aforro,

modificación que lles afectou sucesivamente ós coeficientes de investimento, ós recursos propios, ás obrigas de información e ós órganos rectores. Por último, recóllese tamén as adaptacións ás normas da Unión Europea e a transposición ó noso ordenamento interno da Directiva 89/646, coñecida como Segunda Directiva de Coordinación Bancaria, que regula a apertura en España de sucursais foráneas e de españolas noutros países comunitarios. Por certo, a Lei 3/1994, que plasma aquela transposición, foi obxecto da STC 235/1999.

En síntese, e por resumi-lo máis substancial da xurisprudencia constitucional en materia de caixas de aforros, os criterios máis relevantes que foi sementando o alto tribunal son os seguintes: unha normativa básica tan detallada que baleirase practicamente de contido as competencias das comunidades autónomas suporía unha vulneración dos estatutos. Por outra parte, aínda que estamos en presenza de entidades de carácter social, debe prima-la súa consideración como entidade de crédito, con proxección eminentemente territorial. No que respecta a fusións e a absorcións, a pesar de recoñece-la competencia autonómica, declárase o carácter básico da intervención do Banco de España. Estímase tamén admisible que a normativa autonómica esixa que o cesamento do director xeral sexa ratificado pola asemblea xeral ou que a idade da súa xubilación se fixe nos estatutos das caixas. No referente á posibilidade de que un órgano autónomo poida autorizarlles ás caixas domiciliadas na súa respectiva comunidade autónoma a apertura de oficinas fóra dela, invade unha competencia estatal, xa que o Estado debe velar polos intereses supracomunitarios. Por último, a precisión por parte das normas autonómicas con respecto á destitución dos órganos de goberno cando non estea considerada na lexislación estatal, supón un salto cualitativo que rompe a unidade do esquema sancionador. O mesmo tipo de argumento utilízase na ampliación da responsabilidade disciplinaria a calquera órgano de goberno das caixas.

En definitiva, unha publicación indispensable para todos aqueles que queiran coñecer mellor a actividade financeira e organizativa das caixas de aforros no marco normativo e constitucional.

MARÍA CADAVAL SAMPEDRO
Departamento de Economía Aplicada
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela